



SESION ORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACION
CORRESPONDENTE O DIA 5 DE XUÑO DE 2.017

No salón de Sesións da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás vinte horas e trinta minutos do día cinco de xuño de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa asistencia dos Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Jose Antonio Carracedo Ramírez e D^a María Teresa Pereira Quintas, coa ausencia dos Sres. Concelleiros D. Juan Santiago González Rodríguez, D. Francisco José Montesinos Rodríguez, D. Jose Luis Rodríguez Alonso, D. Santos Piornedo Piornedo e D. Jesús Río Piornedo; actuando como Secretario da Corporación, D. Antonio Mosquera Rodríguez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebra-la Sesión Ordinaria en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA CORRESPONDENTE Ó MES DE MAIO DE 2017

Tras manifestacións da Alcaldía sobre o cambio de data da sesión ordinaria correspondente o mes de maio de 2017, o Pleno Municipal por unanimidade dos asistentes, procede acceder ó cambio da data de celebración da mesma.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Por unanimidade dos asistentes aprobouse a acta da Sesión anterior correspondente á celebrada o día 6 de abril de 2017.

3º.- EXPEDIENTE DE ALUGUER BEN PATRIMONIAL

Acto seguido dase conta do expediente instruído a instancia D.SERGIO GARCÍA PRAVOS e D^a PILAR LABIÁN MANZANARES, instancia na cal solicita o aluguer do antigo edificio da Casa da Fronteira en Manzalvos, edificio que se atopa na actualidade sen actividade algunha.

Pola Alcaldía dase conta do expediente e do tódalas actuacións levadas a cabo para proceder ó aluguer con dereito a compra do citado inmovible.

Á vista do contido do expediente e das manifestacións da Alcaldía, o Pleno Municipal queda enterado do contido do mesmo, acordando facer súa a Resolución da Alcaldía e facultando, se fose o caso, tan amplamente como en dereito sexa factible a mesma para o desenvolvemento do acordo de aluguer con opción de compra.

4º.-RATIFICACIÓN DO ACORDO DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS DE A POBRA DE TRIVES, MANZANEDA, VIANA DO BOLO E ESTE CONCELLO PARA PROGRAMA DE OBRADOIRO.

De seguido, dase conta ó Pleno Municipal do acordo suscrito por este Concello cos concellos de Viana do Bolo, Manzaneda e A Pobra de Trives para a realización en conxunto dun programa de obradoiro denominado "O.E. ORIENTE OURENSÁN" no que se contempla ó longo de 9 meses as especialidades formativas de albanelería, a desenvolver nos 4 concellos participantes neste obradoiro.

Logo de ver o contido do expediente, o Pleno Municipal por unanimidade dos membros asistentes acorda facer seu o mentado acordo de colaboración.

5º.- COÑECEMENTO DE APROBACIÓN DA ALCALDÍA SOBRE APROBACION DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2016

Os efectos do seu coñecemento polo Pleno Municipal, tal como se establece na Lei de Facendas Locais, dase conta o Pleno Municipal da Resolución de 28 de febreiro de 2017, resolución que obra no expediente incoado para aprobación da liquidación do exercicio económico 2016 con tódolos seus documentos que deben de constar no expediente de aprobación de liquidación.

O Pleno Municipal queda enterado do contido de dita Resolución.



6º.- APLICACIÓN DE BONIFICACIÓNS DO ICIO.

Acto seguido polo Alcalde-Presidente dase conta o Pleno Municipal do acordo adoptado polo mesmo con data 31/01/2012. No mentado acordo modificábase a ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Construcións , Instalacións e Obras, no cal se contemplaba unha modificación de ata o 95% a favor das construcións, instalacións e obras que sexan sinaladas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifique tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación, previa solicitude de suxeito pasivo e co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

O Pleno municipal á vista da solicitude formulada por D. JOSE MARIA RODRÍGUEZ ALONSO para a realización da obra denominada "CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DESTINADO A ESPACIO MULTIFUNCIONAL", estimando que se atopa no apartado do fomento de emprego, por unanimidade dos asistentes acorda unha bonificación do 50 % da Base Impoñible.

7º.- MOCIÓNS

De seguido dase conta ó Pleno Municipal da moción da Alcaldía cuio tenor é o seguinte:

Moción Alcaldía:

O Pleno Municipal deste concello de A Mezquita en sesión celebrada o día 6 de abril de 2017, adoptou entre outros o acordo de solicitar a modificación das condicións financeiras do préstamo formalizado co fondo para a financiación de pago a provedores.

Na Resolución de 29 de marzo de 2017, do Ministerio de Facenda e Función Pública, que serviu de base para a adopción do acordo antes mentado, determinábase a relación de concellos que podían acollerese a aplicación do periodo de carencia e amortización de préstamos formalizados co Fondo para a financiación dos pagos a provedores e co Fondo de ordenación hasta 2016.

Sendo necesario, unha vez concedida a carencia a que se fai referencia no apartado anterior, a firma da adenda na cal figuran as novas condicións financeiras suscritas inicialmente coa entidade bancaria -Bankinter-, propoño o Pleno Municipal a adopción do seguinte acordó:

1º.- Aceptar as condicións establecidas na adenda o préstamo inicialmente concedido, condicións que veñen derivadas da Resolución do 29 de marzo de 2017.-

2º.- Facultar o Alcalde-Presidente do Concello D. Rafael Pérez Vázquez, con D.N.I. nº 34.966.816-P, como apoderado deste concello de A Mezquita para a firma da correspondente adenda o contrato inicialmente suscrito con data 29.05.2012 coa entidade bancaria Bankinter, para o pago a provedores.-

3º.- Dar traslado deste acordo a citada entidade bancaria.-A Mezquita, 31 de maio de 2017.-O Alcalde,Asdo. Rafael Pérez Vázquez.-

Á vista do contido da moción, o Pleno municipal por unanimidade dos asitentes acorda facer súa a mentada moción.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde da por concluído o Pleno, sendo as vinte e unha horas e quince minutos, do que se levanta a presente acta, que como Secretario, Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,